

NOTA INFORMATIVA

Vistos os seguintes ANTECEDENTES:

1. A convocatoria pública de prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2023 anunciada a través da Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 28 de abril de 2023.
2. As solicitudes presentadas ao abeiro da antedita convocatoria e a orde de preferencia de destinos manifestada por cada candidato na súa respectiva solicitude.
3. O exame das solicitudes e da documentación complementaria achegada con aquelas, así como as actuacións de trámite realizadas conforme a este exame.
4. A valoración de méritos realizada pola comisión de valoración constituída segundo o establecido no artigo 12 da dita Orde do 28 de abril de 2023 .
5. A relación definitiva de admitidos e excluídos e a acta das reunións mantidas pola antedita comisión de valoración, á que se xuntan as táboas de valoración de méritos de cada destino convocado, nas que se inclúe o detalle da puntuación obtida por cada candidato en cada un dos apartados baremados.
6. A proposta de resolución provisional formulada polos representantes das respectivas universidades e exposta a información pública por un prazo de dez días.
7. O transcurso do prazo de exposición pública, así como a recepción, exame e desestimación das alegacións presentadas durante o dito prazo.

Esta Secretaría Xeral, no seu papel de colaboradora na xestión administrativa do proceso de selección de lectores, convocado mediante a Orde do 28 de abril de 2023 (DOG núm. 91, do 12 de maio), da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2023, INFORMA de:





1. Que a RESOLUCIÓN PROVISIONAL formulada o 17 de xullo de 2023 polos representantes das universidades implicadas queda alterada no que respecta ás prazas da Bangor University e da University College Cork debido ao seguinte:

- Renuncia da adxudicataria provisional da Bangor University, María Bará Louro. Seguindo a orde de prelación ofréceselle a praza á seguinte candidata, Elia Lago Pereira, quen a rexeitou. Finalmente, Paula Moure Blanco, quen solicitara como primeiro destino Bangor, aceptou a praza.

- Como consecuencia do anterior, a praza da University College Cork, na que resultara adxudicataria provisional Paula Moure Blanco, ofréceselle á seguinte candidata, Melina Velo Fuentes, quen a acepta.

Con esta modificación, esta resolución adquire a condición de **RESOLUCIÓN DEFINITIVA** e a adxudicación de prazas queda como segue¹:

Destino	Apelidos e nome	NIF
Bangor University	Moure Blanco, Paula	***8476**
University College Cork	Velo Fuentes, Melina	***5575**
Uniwersytet Warszawski	-----	-----

2. Que se lle dá traslado destas circunstancias a cada unha das universidades implicadas para que, conforme o establecido nas bases da convocatoria, procedan á adxudicación definitiva das prazas convocadas mediante a correspondente formalización de contrato laboral ás persoas beneficiarias.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A subdirectora xeral de Política Lingüística

M^a Lourdes Batán Aira

¹ Xúntanse, como anexos, as táboas de valoración de méritos realizadas pola comisión de valoración.



